



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Deputación
Pontevedra



RURAL
Commerce inside
Da túa man

**Informe de valoración dos criterios availables
mediante xuízo de valor (sobre B) da contratación
Subministración de dispositivos para o reciclaxe de
residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural
II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o
apoio da actividade comercial en zonas rurais
cofinaciado polo Ministerio de Industria, Comercio
e Turismo no marco do Plan de Recuperación,
Transformación e Resiliencia financiado pola Unión
Europea – NextGenerationEU**

Número de expediente: 2024008463

Páxina 1 de 9





CONTIDO

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	EMPRESAS LICITADORAS OBXECTO DE VALORACIÓN TÉCNICA	4
3	CRITERIOS DE VALORACIÓN.....	5
4	VALORACIÓN TÉCNICA	7
4.1	RAQUEL GARCÍA IGLESIAS.....	7
5	VALORACIÓN TÉCNICA GLOBAL.....	9





Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



1 INTRODUCCIÓN

A través da RP nº 2024002380 de data 21 de marzo de 2024 aprobouse o expediente para a contratación da suministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: 2024008463).

O 10 de abril de 2024 rematou o prazo de presentación de ofertas e procedeuse á apertura do sobre B o 11 de abril de 2024, acordando a mesa de contratación a remisión das ofertas ao Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.





Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



2 EMPRESAS LICITADORAS OBXECTO DE VALORACIÓN TÉCNICA

Procédease a valorar tecnicamente as propostas presentadas, remitidas polo servizo de contratación trala súa apertura na mesa de contratación celebrada o 11/04/2024. O número de empresas presentadas son as seguintes:

Empresa Licitadora	CIF
RAQUEL GARCÍA IGLESIAS	44076905G





3 CRITERIOS DE VALORACIÓN

O obxecto deste informe é valorar os criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor das ofertas que os licitadores presentaron no procedemento, convocado pola Deputación de Pontevedra para a contratación da suministración de dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais.

De acordo co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), as empresas licitadoras incluirán no “sobre B” a documentación administrativa e a oferta técnica available mediante criterios suxeitos a xuízos de valor.

As empresas licitadoras deberán presentar unha memoria técnica descriptiva dos elementos a subministrar, que deberán cumplir o especificado no Prego de Prescripcións Técnicas (PPT).

O prego de cláusulas económico-administrativas particulares describe no punto 9 das cláusulas particulares, os criterios de adxudicación do contrato, entre os que figuran os availables mediante xuízo de valor.

Segundo o establecido no PCAP as propostas presentadas puntuaranse neste apartado cun máximo de 30 puntos, e deberán alcanzar un mínimo do 50% da puntuación para continuar co proceso de avaliación, de conformidade cos seguintes criterios availables mediante xuízos de valor:

A empresa adxudicataria levará a cabo o subministro, transporte e instalacións de 10 dispositivos para a reciclaxe de residuos especiais de tipo mini punto limpo en vía pública (tipo tótem) nos municipios indicados polos Técnicos da Deputación de Pontevedra.

As propostas presentadas puntuaranse cun valor **máximo de 30 puntos** de conformidade cos seguintes criterios availables mediante xuízo de valor:

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Puntos máximos
<p>1. Concreción e calidad técnica, ata un máximo de 19 puntos. No presente criterio terase en conta a calidad e conclusóns que poidan derivarse das características técnicas dos dispositivos que determinen os materiais de fabricación do subministro acorde a criterios de calidad e da normativa vixente así como aspectos estéticos a fin de que se integre co entorno en onde se vaian a instalar e minimice o impacto visual e de usabilidade e accesibilidade. Os subcriterios de valoración son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">1.1 Descripción pormenorizada do subministro, ata un máximo de 4 puntos.1.2 Calidade e espesor do material utilizado, ata un máximo de 4 puntos.1.3 Robustez do conxunto, ata un máximo de 4 puntos.1.4 Deseño da boca de aportación e sistema anti-hurto, ata un máximo de 4 puntos.1.5 Deseño e acabados, ata un máximo de 3 puntos.	19
<p>2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos. Terase en conta aspectos medio ambientais prestando atención aos materiais no subministro fin de contribuír a sustentabilidade de acordo cos obxectivos do proxecto Da túa man (rural). 2.1 Valoraranse aspectos medioambientais como a utilización de materiais reciclados ou procedentes de residuos e en maior medida a súa xustificación aportando certificacións que o acredeniten.</p>	6





Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Puntos máximos
<p>3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos. Neste criterio valórase a imaxe e estética coa finalidade de que o subministro se integre no entorno e minimice o impacto visual dado que dito subministro instalarase en zonas comerciais que se pretenden embelecer. 3.1 Valorarase o desen xeral a fin de mellorar a imaxe da contorna e que dito deseño minimice o impacto visual.</p>	5

A continuación preséntase a valoración realizada atendendo a cada un dos criterios baseados en xuízos de valor, expostos nas táboas anteriores, previa comprobación do cumplimiento dos extremos sinalados no subepígrafe “Sobre B” do punto 7.d) do PCAP.





4 VALORACIÓN TÉCNICA

Como reflexión previa é necesario advertir que a oferta presentada deberá analizarse coa limitación que supón a ausencia de concorrenza competitiva neste procedemento, o que impide acudir a unha comparativa entre distintas ofertas como mellor método de valoración neste tipo de contratos.

4.1 RAQUEL GARCÍA IGLESIAS

A continuación detállanse as características da oferta presentada por RAQUEL GARCÍA IGLESIAS para cada un dos criterios availables mediante xuízo de valor:

1. Concreción e calidade técnica

A empresa oferta un minipunto limpo urbano modelo BLIPVERT, previsto para a súa instalación na vía pública. Dispón de 7 espazos independentes de almacenaxe de residuos, permitindo a recollida diferenciada das diferentes fraccións; ademais conta con dous paneis informativos a cada lado do dispositivo cunhas dimensións de 122x88 cm onde poderá poñerse a información correspondente.

O dispositivo ten unhas dimensións de 201 cm de alto por 110 cm de ancho e cun fondo de 28 cm. Conta con diferentes acabados: grafito brillante, forxa corten e negro microtexturado. Estes paneis están protexidos con vidro de seguridade.



A continuación valóranse os apartados deste criterio:

- i. Descripción pormenorizada do subministro: describe adecuadamente o dispositivo, si ben de forma breve.
- ii. Calidade e espesor do material utilizado: descripción correcta e breve.





- iii. Robustez do conxunto: deseñado para soportar as inclemencias meteorolóxicas e posibles actos vandálicos mediante pinturas especiais anti-grafitis.
- iv. Deseño da boca de aportación e sistema anti-hurto: conta con dous peches de seguridade especiais que impiden a apertura da instalación.
- v. Deseño e acabado: descripción breve e correcta do deseño.

2. Aspectos ambientais dos dispositivos

Non indican aspectos medioambientais vinculados cos dispositivos como porcentaxe de material reciclado na súa producción, ciclo de vida do produto, así como posible recollida e reciclado desta instalación unha vez que se convertan en residuos.

3. Imaxe e estética global dos dispositivos

A imaxe global da instalación considérase correcta e o impacto visual na contorna non será significativo.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida pola empresa para cada un dos criterios availables mediante xuízos de valor:

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Puntos RAQUEL GARCÍA
1. Concreción e calidad técnica, ata un máximo de 19 puntos. <u>Este criterio avaliarase de conformidade cos seguintes apartados:</u>	13
1.1 Descripción pormenorizada do subministro, ata un máximo de 4 puntos.	2
1.2 Calidade e espesor do material utilizado, ata un máximo de 4 puntos.	3
1.3 Robustez do conxunto, ata un máximo de 4 puntos.	3
1.4 Deseño da boca de aportación e sistemas anti-hurto, ata un máximo de 4 puntos	3
1.5 Deseño e acabados, ata un máximo de 3 puntos.	2
2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.	0
3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.	4
Puntuación total	17

Conclusión:

A vista do sinalado no apartado anterior concluímos que a empresa RAQUEL GARCÍA IGLESIAS cumpre co disposto nos pregos de prescripcións técnicas e administrativas obtendo unha puntuación total de 17 puntos, alcanzando o 50% requerido como mínimo da puntuación total.





5 VALORACIÓN TÉCNICA GLOBAL

A valoración técnica global da ofertas relativa ao expediente para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: 2024008463), é a seguinte:

Empresas Licitadoras	1. Concreción e calidad técnica, ata un máximo de 19 puntos.	2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.	3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.	Total (ata 30 puntos)
RAQUEL GARCÍA IGLESIAS	13	0	4	17

Polo tanto, tras a valoración técnica global para a contratación da subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte: 2024008463), **PROPONSE:**

- Que se proceda á apertura do sobre C da seguinte empresa:

Empresa Licitadora	CIF
RAQUEL GARCÍA IGLESIAS	44076905G

Asinado dixitalmente á marxe.

